Concello de AMES

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE MILLADOIRO, CONCELLO DE AMES.-**

O alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras de "Ampliación do pavillón municipal de deportes de Milladoiro, Concello de Ames".

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal de data 2 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de **"Ampliación do pavillón municipal de deportes de Milladoiro, Concello de Ames"** á empresa Actividades de Construcción Edificación y Viales SL (**ACEVI SL**) con CIF B-94.097.268, e nas seguintes condicións:

A.- **Prezo**: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de corenta e oito mil cincuenta e catro euros e trinta e oito céntimos (**48.054,38.- €**) sen IVE.

B.- **IVE repercutible**: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de dez mil noventa e un euros e corenta e dous céntimos (**10.091,42.- €**)

C. **Prazo de execución**: O prazo de execución do contrato será de **2 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- **Nomear como director de obra** e coordinador de seguridade e saúde da obra de ampliación do pavillón municipal de deportes de Milladoiro, Concello de Ames ó arquitecto Paulino Sánchez Chao e como directora de execución da obra á arquitecta técnica, Ana Castro.

E.- **Resto de condicións**: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a seis de outubro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

C.I.F.: P – 1500200 – I

FIRMADO por: ROSA ANA PRADA QUEIPO (NIF: 10869361K)
FIRMADO por: JOSE MANUEL MIÑONES CONDE (NIF: 44808588B)
Versión imprimible con información de firma generado desde VALIDe (http://valide.redsara.es)
Firma válida.